

Lugo, 5 de maio de 2017

*Estimado afiliado:*


Novamente pónome en contacto contigo porque quero trasladarche persoalmente o agradecemento por haber conseguido os avais para poder presentarme ao Congreso do vindeiro 26 de maio e, poder así, ser o próximo presidente da Xunta Directiva Local.

Con humildade e coa responsabilidade que isto supón asumo este motivante reto, pensando na campaña que rematará o 24 deste mes. Non obstante, quero trasladarche que o meu compromiso é traballar para todos. Enfoco con entusiasmo e esperanza esta nova etapa, que será intensa, pero, apaixonante, e na que traballarei xunto a un equipo, baseado no traballo, nas ideas e nos principios da honestidade, o rigor e a lealdade aos lucenses. Será, precisamente, este equipo o que nos levará a situar, como xa dixen en días pasados, ao noso Partido onde se merece porque se algo teño claro é que, nesta cidade e nesta provincia, o PP é o Partido que necesitan os lucenses.

Teño que dicir que, se finalmente, son o presidente da Xunta Directiva Local, este non será un logro persoal, será un logro que nace froito tanto do teu apoio, como do dos compañeiros que me animaron a dar este paso. Pasado este trámite, o que toca e sentarse e traballar máis duro aínda se cabe. Calquera veciño, de Lugo e desta provincia xa puido comprobar e sentir que os Gobernos socialistas son inestables como o papel mollado, estando máis pendentos das súas liortas internas que de dar unha solución aos problemas que ten esta cidade e esta provincia.

Durante estes días de campaña, visitarei todos os distritos segundo o calendario que che comunico para que nos poidamos saudar e plantexarnos calquera cuestión que consideres oportuna. Agradeceríache que asistises a eses encontros, xa que será nesas reunións cando tamén se vos faga chegar o documento para que poidades avalar a miña candidatura, e que terei que presentar antes dos 24 de maio ante o Comité Organizador do Congreso.

Tamén che quero pedir que asistas o día 26, xa que ese día todos os afiliados teredes a oportunidade de votar a candidatura que presente para dirixir o Partido. Agardando poder saudarte durante estes días de campaña, e sobre todo o día Congreso, recibe un cordial saúdo.



Asdo. Ramón Carballo Páez